

## O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

### CORTE N° 1 CINTA 10



#### NOME DO DOCUMENTO:

MPG\_SaVi\_0010\_001\_en\_0\_00\_00\_id661\_D

#### AUDIO DE REFERENCIA:

MPG\_SaVi\_0010\_001\_en\_0\_00\_00\_id661.mp3

#### INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o primeiro corte dos que se divide a décima das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante explica a través dun dito popular, un truco que usaban os mariñeiros para predecir o tempo. O recolledor preguntalle por lendas da zona pero non dá apenas información por non creer nesas cousas.

#### NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



## DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 13 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
  - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
  - Parroquia:** O Carmen
  - Concello:** Moaña
  - Provincia:** Pontevedra
  - País:** Galicia

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

## PALABRAS CHAVE

mar, refrán, dito, mariñeiro, climatoloxía, lúa, vento, lenda

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 1 DA CINTA 10



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

P: Non se acorda de refráns que houbera así... os peixes cando están en comida que están a punto de desovar, que son máis ricos, ¿non lle asignaban ningún nome como eso? Como a sardiña que falamos antes. A sardiña que en San Xoan pinga no pan.

R: Tiñan así a modo de... a sardiña cando está boa era no mes de novembro pa diante. É cando máis grasa ten.

P: E os arroaces, non se facían ningún refrán, ou as gaviotas, non se decía “gaviotas en terra mariñeiros á merda” ¿non se decía? ou “arroaces no porto temporal no horto”, ¿non?

R: ...(?) Os arroaces foi un pescado no mar que fixo muito daño, ese é un peixe do mar que fixo muito daño.

P: [Si, facía muito daño nas redes]. Xa o contou. Entón non se acorda así de refráns, ó mellor o ceo cando está escamento quere decir algo, “ceo escamento chuva ou vento”.

R: Eso si.

P: Non se acorda así de refráns.

R: Solamente acordo, ...(?) a entrar de aquí a un pouco. Cando a luna está chea indicache, ó vir a noite, cando o sol pasa por ela e a nube pasa por ela, quere decir a inclinación do vento que che vai a vir. Aunque agora a luna xa, parada aquí, no ...(?) e o vento inclina a nube e pasa pola luna, e a luna se inclina do vento que vai a vir, e de que vento ven. Como tal a luna agora está aquí, está azul e a nube vai para o norte, vai para o norte e temos sol, porque impulsa á luna ó outro lado, e eso hai que ter. E cando a luna está menguante vai tirando á mitad coma se fora... E decir que esa luna... cortada por aquí, e esta é a mitad da luna. Se a luna vai tumbada así, eso no verán muitas veces, tiñan acertado ¿non sabes? Indicaba “luna tumbada marinero en pie, luna de pie marinero tumbado”. Marinero...

P: Tumbado. Tumbado na cama, non podía ir ó mar.

R: E eso muitas veces, dicía a xente ¿non? Salías e mirabas o ambiente. Sales á ventana ou ó balcón se non miras unha estrela ou se non miras a luna, pois non sabes de donde vai. Inclínase na dirección que ten o vento, e nubarróns cando así ...(?) a botar as chuvas (sic)<sup>1</sup>... sabes a dirección que leva.

P: E a lúa cando leva cerco, a lúa cando leva un redondel de nubes ó arredor, chámase “lúa de cerco, chuva de certo” ¿Non dí o refrán así?

R: Non acordo ...(?) Eu solo... (?)... a dirección e orientación do ..(?) que ven.

P: E mire, e de lendas sobre o mar, sobre contos que eran fantásticos, que non eran reales...

R: ¿Como?

P: Lendas, o que é unha “leyenda” sobre o mar, ó mellor había contos de pedras ou de rocas ou así, pedras que se sumergían ou que desaparecían no mar, ou que había sirenas no mar, ¿non se acorda? Non lle contaban así os vellos, non lle contaban dese tipo...

R: Non, iso era talmente, talmente, como cando ibamos a bautizar a un recién nacido. Ibamos polo mar... (?) polo mar, nun barco de remos e dicíamos “¿Que pedra, que pedra é esa?” En Moaña tiñan un nome e en Cangas a ... (?)

P: A mesma pedra tiña outro.

R: Porque tiñan unha dirección dunha marca ou tiñan a dirección doutra cousa, e como non tiñan nome poñíanlle ese nome, porque tes aí. Na Costa da Vela<sup>2</sup> tes “Cú de Lobo”, “Cú de Lobo” non ten significado “Cú de Lobo”, pois é unha das pedras... un buraco da pedra chámanlle “Cú de lobo”.

P: E neses buracos pensábase que vivía algo ou que vivía alguen?

R: Peixe. Se metía o pescado alí.

P: Pero había uns buracos como a Cova da londra en Tirán, que está arrente ó cementerio.

<sup>1</sup> Chuvas é un localismo. Aquí os mariñeiros non dicían chuvias.

<sup>2</sup> Soavela, mal chamada Costa da Vela, está no extremo da península de Hío (Cangas)



R: ...(?) Alí puderon vivir alí durante un tempo.

P: Pero decían que ó mellor había animais que rompían o peixe... Decían, animais que podían ser unha londra, unha donesiña<sup>3</sup> (Sic) grande que rompía o peixe (as redes) que se metía, un tipo castor.

R: E que moitas cousas e moitas “leyendas” e moitas cousas desas é coma a...coma as bruxas. Pescaras ou non pescaras, hai que ir a por elas para botar á bruxa fóra do barco.

P: ¿E non sabe, non lle contaban así, non se acorda de ese tipo de lendas, de contos ou de creencias? ó mellor... ¿Nunca oiu falar de santos que aparecían no mar e que facían milagros?, como San Bartolomeu por exemplo. ¿Non sabe?

R: Santos (risas) non.

P: Non ten oído falar de santos que aparecían, de peixes xigantes, ou calamares xigantes ou peixes que viñan nos aparellos e non se sabía como eran, ¿non tiñan fantasías desas, non contaban os mariñeiros? Miraban monstrosos o lumieiras, ¿deso non se acorda?

R: Eu a esas cousas non lle facía caso.

P: Pero falábase ¿non? E así monstrosos ou das neboeiras, cando había néboas, que se pensaba que viñan monstrosos polos lados, polo costado.

R: Esos pensamentos non. Eso era cousa de rapaces. Moitas veces iba un pai cos fillos... e o papá decíalle “non ves que che ven o lobo e cómete o lobo, eu marchó” e o querer marchar empezaba a chorar o rapaz agarrábase a el, e a cousa que, que se miraba ¿non?, para que o rapaz tivera medo e salir. Pero ó ter dous ou tres anos xa non quería salir, xa non lle facía caso o lobo nin ó raposo, nin nada.

P: Bueno eso era mentras tiña medo.

R: Porque realmente ós rapaces poñíamolle eses nomes, decíamolle iso, porque existían os animais, sabían que existía un lobo, un can unha ovella, decíamolle cousas que existían para poñerlle medo, para atraer aos rapaces.

<sup>3</sup> Doneciña é o localismo de donicela.